

Redacción

A CORUÑA

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) manifestouse moi contrariada ante as recentes declaracións de George Steiner (París, 1929) nunha entrevista para *El País Semanal* nas que despreza a lingua e a cultura literaria de Galicia.

Esta entidade á que pertencen máis de 335 escritores en lingua galega “lamenta profundamente” as declaracións de George Steiner a respecto do idioma e da literatura da comunidade galega, según manifestou nun comunicado.

“Non podemos aceptar, nin pasar por alto, que unha persoa de probada valía intelectual, que no seu día recibiu o premio Príncipe de Asturias da Comunicación, manifeste un descoñecemento tan elevado da nosa literatura e non teña reparos en demostralo nunha entrevista, amosando un total desprezo polo que non coñece, facendo gala da súa ignorancia e demostrando unha nula gratitude cos

## Os escritores convidan a Steiner a coñecer a literatura galega

A Asociación de Escritores en Lingua Galega lamenta que un intelectual da valía de Steiner amose desprezo pola cultura galega

cidadáns do Estado que un día o premiou”, declara a asociación.

A AELG quere pensar que se trata dun caso de descoñecemento temerario da tradición literaria galega, e non ante un prexuízo, e engade que “non o poderíamos entender nunha persoa desta traxectoria e que, no entanto, si é quen de entender a cuestión catalá”.

Por tanto a Asociación de Escritores en Lingua Galega convida a George Steiner a “visitar o noso país e coñecer a nosa lingua e a nosa cultura, manifestándolle que nos encantará ilustralo sobre as antigas e fértiles orixes da lingua galega e da súa literatura, que transcendeu as fronteiras da Penínsu-

la, converténdose o noso legado literario medieval en modelo literario culto de referencia, e aínda hoxe é obxecto de admiración e estudo en todos os países do mundo, como o demostra a produción editada nas diversas manifestacións de xéneros literarios, ora clásicos ora en proceso de reinterpretación, as traducións a múltiples linguas europeas, a súa presenza en congresos, seminarios, encontros e outros foros literarios canda representantes doutros sistemas literarios, os importantes premios e recoñecementos conseguidos polos escritores e escritoras en lingua galega, no panorama estatal e internacional, así

como os milleiros de páxinas escritas, dentro e fóra do país, ao redor da reflexión teórica que a creación literaria en lingua galega provoca nos estudosos e críticos”.

Para a AELG esta é unha demostración da necesidade de impulsar as estruturas xa existentes e espalladas polo mundo, destinadas á promoción e ensino da lingua e da cultura galegas, así como de crear outras novas que vinculen a identidade galega, e as súas diferentes manifestacións, cos centros internacionais de prestixio, “á procura da internacionalización da lingua e da cultura de Galicia desde presupostos claramente identificadores”.

cultura

La Opinión | 47  
Jueves,  
28 de agosto  
de 2008

La Opinión  
A Coruña